



## Informe-Proposta

### 1. Antecedentes e financiamento do expediente.

No DOG do 24 de febreiro de 2016 publícase a *Orde do 11 de febreiro de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras de subvencións ás entidades asociativas, ás oficinas locais e a outras entidades colaboradoras da Rede Eusumo para o fomento do cooperativismo e da economía social, e se convocan para o ano 2016.*

De acordo con estas bases é subvencionable:

- O 100 % das retribucións totais, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social, dunha persoa técnica contratada con dedicación exclusiva e a tempo completo, ata un límite máximo de 2.000 € mensuais.
- Para as accións de promoción e fomento do cooperativismo e da economía social a contía das subvencións poderá ascender ata o 80 % dos gastos necesarios para a súa realización.

O 14 de marzo de 2016 o Pleno da Mancomunidade acorda elaborar e presentar unha solicitude ao abeiro da citada orde do 11 de febreiro, que será sometida a ratificación na seguinte sesión da Mancomunidade.

A Mancomunidade solicita unha subvención ao abeiro desta Orde indicando no correspondente proxecto as seguintes condicións:

ORZAMENTO DETALLADO DA OFICINA DE FOMENTO COOPERATIVO					
Actividades propostas	Uds.	Horas	Orzamento	%Axuda	Axuda
Contrato da persoa técnica (4 meses)	1	Xornada completa	8.000,00 €		8.000,00 €
II Encontro para o intercambio e visibilización de boas prácticas cooperativas	1	Mínimo 20	4.000,00 €	80,00%	3.200,00 €
<b>Total</b>			<b>12.000,00 €</b>		<b>11.200,00 €</b>

O 11 de abril de 2016 o Pleno da Mancomunidade, examinado o proxecto, acorda ratificar a solicitude de subvención e aceptar as condicións e requisitos establecidos nesta Orde.

O 14 de xullo de 2016 a xefa de sección que tramita o expediente na Subdirección Xeral de Economía Social informa por correo electrónico da próxima notificación da resolución de concesión, e achega documento contable D da intervención delegada debidamente contabilizado, onde consta a adxudicación de 11.200,00 € a esta Mancomunidade.

Este expediente encóntrase condicionado á xeración do crédito necesario, que se realizará unha vez recibida a resolución de concesión da subvención.

### 2. Proposta

De conformidade co establecido nestes antecedentes, PROPONSE a aprobación das seguintes bases para a selección de persoal.



## **“BASES PARA A SELECCIÓN DUN/UNHA TÉCNICO/A DA OFICINA DE FOMENTO COOPERATIVO DA MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DA COMARCA DE FERROL.**

### **1.- Obxecto**

Estas bases teñen como finalidade a determinación do sistema de selección para o contrato baixo a modalidade obra ou servizo, a xornada completa, cunha duración prevista de 2 meses conforme a data de fin das accións (30 de setembro de 2016), ao abeiro da *Orde do 11 de febreiro de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras de subvencións ás entidades asociativas, ás oficinas locais e a outras entidades colaboradoras da Rede Eusumo para o fomento do cooperativismo e da economía social, e se convocan para o ano 2016.*

### **2.- Funcións a desenvolver**

A persoa contratada desenvolverá as seguintes tarefas e actividades descritas en detalle na memoria do proxecto subvencionado:

1. Realizar un estudo sobre a realidade cooperativa nos concellos da Mancomunidade.
2. Impartir charlas de sensibilización para dar a coñecer a fórmula cooperativa.
3. Organizar o “II Encontro para o intercambio e visibilización de boas prácticas cooperativas”.
4. Realizar accións de difusión e información a través de novas tecnoloxías.
5. Proporcionar acompañamento e asesoramento a proxectos cooperativos e da economía social.
6. Realizar as funcións e tarefas encomendadas pola Mancomunidade que sexan necesarias para o correcto desenvolvemento do programa de acordo co establecido nas bases reguladoras da convocatoria de subvencións que rexe o proxecto.

### **3.- Requisitos das persoas candidatas.**

De acordo co esixido e valorado no artigo 35 da Orde de 11 de febreiro, a persoa técnica da oficina de fomento cooperativo acreditará unha formación en materia de cooperativismo cunha duración mínima de 60 horas, e posuirá necesariamente calquera destas titulacións académicas:

- a) Licenciatura ou grao en Economía, Administración e Dirección de Empresas, Dereito ou titulacións ou graos mixtos que as inclúan.
- b) Diplomatura ou grao en Ciencias Empresariais ou Relacións Laborais.
- c) Máster en Xestión e Dirección Empresarial Cooperativa.

Para o cumprimento das funcións de acordo co proxecto requírese igualmente permiso de conducción B1 e dispoñibilidade de vehículo propio; nivel de Galego CELGA 4 ou superior; e nivel medio-alto de paquete de Office;

### **3.- Sistema de selección**

#### **Fase A. Pre-selección de candidatos a través do servizo público de emprego**

Os candidatos participantes no proceso serán preseleccionados polo Servizo Público de Emprego conforme oferta de emprego presentada pola Mancomunidade de acordo cos requisitos



anteriores.

As persoas preseleccionadas requiriráselles no prazo de dos días a presentación dunha instancia acompañada de curriculum vitae adaptado aos criterios de valoración de méritos, xunto cos documentos acreditativos dos méritos obxecto de valoración e dos requisitos. No caso da dispoñibilidade de vehículo propio e nivel de informática enténdese que as persoas candidatas son responsables do cumprimento destes requisitos pola mera participación no proceso, polo que non se requirirá acreditación documental.

### **Fase B. Valoración de méritos**

A Comisión valorará os méritos dos candidatos conforme ao seguinte baremo:

Criterio	Descrición	Puntuación máxima
Fomación	Fomación en cooperativismo superior á mínima esixida impartida por Administracións Públicas ou Universidades, Fomación continua do AFCA (Acordo de fomación continua para as Administracións públicas) ou fomación ocupacional, cunha duración mínima de 10 horas. Por cada 10 horas 0,2 puntos.	6
Experiencia	Experiencia profesional como asesor/a de proxectos cooperativos e da economía social. Deberá acreditarse a través de certificación oficial de vida laboral actualizada máis copia do contrato ou certificado de empresa no que consten as tarefas realizadas. 0,2 puntos por cada mes traballado.	5
	Experiencia profesional como asesor/a de proxectos emprendedores. Deberá acreditarse a través de certificación oficial de vida laboral actualizada máis copia do contrato ou certificado de empresa no que consten as tarefas realizadas. 0,2 puntos por cada mes traballado.	4

### **Fase C. Entrevista**

Será realizada polo Comisión de Selección, que valorará os seguintes aspectos demostrados pola persoa candidata:

- Coñecemento do territorio e do seu potencial para o desenvolvemento da economía social.
- Coñecementos sobre o cooperativismo en Galicia.
- Coñecementos de xestión administrativa e e xustificación de subvencións.
- Metodoloxía para o desenvolvemento en prazo e forma do proxecto subvencionado (a memoria do proxecto facilitarase ás persoas candidatas xunto ás bases con antelación á entrevista)
- Capacidade de comunicación.

Nesta fase poderase outorgar un máximo de 5 puntos.

### **4.- Comisión de selección**



A Comisión de selección estará composta por:

- Tres técnicos ou funcionarios designados por tres concellos distintos da Mancomunidade.
- O xerente da Mancomunidade
- O secretario da Mancomunidade.

A Comisión poderá contar co asesoramento dun/unha técnico/a da Rede Eusumo.”

Ferrol, 20 de xullo de 2016

O Xerente da Mancomunidade

Asdo.: Luis Alcalá Baillie

Fiscalizado e Conforme,  
O Interventor

Asdo.: Manuel Roel Hernández-Serrano

*caracterizado a inhabilitación de crédito segundo e peficazmente mediante transición correspondiente expediate de modificación orgamen-*

### DECRETO

Logo de ver a anterior proposta, apróboa nos seus termos.

Así o manda e asina o Presidente da Mancomunidade, en Ferrol, a

**22 XULL. 2016**

O Presidente da Mancomunidade

Ante min, a Secretaria Accidental da  
Mancomunidade

Asdo.: Jorge Juan Suárez Fernández

Asdo.: Paula María Vázquez Carrasco

INFORMADO FAVORABLEMENTE  
POR SECRETARÍA XERAL

Ferrol, 20 JUL 2016  
O SECRETARÍA XERAL





OFERTA DE EMPREGO 302

IDENTIFICADOR DA OFERTA	DATA ENTRADA
-------------------------	--------------

<b>DATOS XERAIS DA OFERTA</b>			
IDENTIFICADOR DA EMPRESA (CIF, NIF...) P1500002i	RAZÓN SOCIAL Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol	CTA. DE COTIZACIÓN 011115115220717	
ENDEZEZO DA EMPRESA PRAZA DE ARMAS S/N	TELÉFONO 699005414	FAX 881954929	Nº POSTOS 1
CORREO ELECTRÓNICO lalcala@ferrol.es	ENCARGADO/A DA SELECCIÓN DOS /AS CANDIDATOS/AS comisión de selección	RELACIÓN CONTRACTUAL <input checked="" type="checkbox"/> Temporal <input type="checkbox"/> Indefinido	
ENDEZEZO DA SELECCIÓN Praza de Armas s/n		CONCELLO Ferrol	
C. POSTAL 1 5 4 0 2	XEITO PREFERENTE DE CONTACTO (e-mail, correo ordinario, fax, teléfono...) e-mail ou teléfono		
<b>DESCRIPCIÓN DA OFERTA</b>			
UBICACIÓN DO POSTO DE TRABALLO Centro de Emprego de Ferrol, rúa Sagrada Familia 56		CONCELLO Ferrol	C. POSTAL 1 5 4 0 5
CNO	OCUPACIÓN QUE SE SOLICITA	NIVEL PROFESIONAL (categoría) Titulado medio	MESES EXPERIENCIA
DESCRIPCIÓN DA OCUPACIÓN (requisitos adicionais necesarios para o posto ofertado) Técnico medio en orientación laboral, orientador profesional para a inserción, axente de desenvolvemento local, asesor de empresas ou similares.			

<b>DATOS CONTRACTUAIS</b>			
DATA PREVISTA INCORPORACIÓN 01 / 08 / 2016	<b>Xornada de traballo</b> Completa <input checked="" type="checkbox"/> Parcial <input type="checkbox"/> Parcial mañá <input type="checkbox"/> Parcial tarde <input type="checkbox"/>	No caso de xornada parcial: Xornada diaria <input type="checkbox"/> Xornada semanal <input type="checkbox"/> Xornada mensual <input type="checkbox"/> Nº horas a tempo parcial	<b>Particularidades do emprego</b> Trabajo nocturno <input type="checkbox"/> Sábados, domingos e festivos <input type="checkbox"/> Trabajo a domicilio <input type="checkbox"/> Teletraballo <input type="checkbox"/> Transporte <input type="checkbox"/> Barreiras arquitectónicas <input type="checkbox"/>
DURACIÓN DO CONTRATO (días) 60			

<b>REQUISITOS DOS/AS CANDIDATOS/AS</b>			
Os/as candidatos/as deben ser discapacitados/as <input type="checkbox"/>	Situación laboral Desempregado/a <input type="checkbox"/> Ocupado/a <input type="checkbox"/>	Debe viaxar SI <input type="checkbox"/> NON <input type="checkbox"/>	Permiso de conducir SI <input checked="" type="checkbox"/> NON <input type="checkbox"/> TIPO B1

NIVEL FORMATIVO Titulado medio	OUTROS DATOS SOBRE OS REQUISITOS DOS/AS CANDIDATOS/AS Formación en materia de cooperativismo cunha duración mínima de 60 horas. Dispoñer de vehículo propio.		
TITULACIÓN ACADÉMICA	ESPEC. FORMACIÓN OCUPACIONAL	COÑECEMENTOS DE LINGUAS	
		Lingua Galego	Nivel CELGA 4
CARNÉS PROFESIONAIS	OUTRO TIPO DE COÑECEMENTOS	COÑECEMENTOS DE INFORMÁTICA	
		Informática Paquete de Office	Nivel medio-alto

**OBSERVACIÓNS**  
Posuira necesariamente calquera destas titulacións académicas: a) Licenciatura ou grao en Economía, Administración e Dirección de Empresas, Dereito ou titulacións ou graos mixtos que as inclúan; b) Diplomatura ou grao en Ciencias Empresariais ou Relacións Laborais; Máster en Xestión e Dirección Empresarial Cooperativa.

Os datos persoais contidos no presente documento gozan da protección prevista no Título II da Lei Orgánica 15/1999, de Protección de Datos de Carácter Persoal. Aos efectos da mencionada Lei Orgánica fun informado previamente e declaro a exactitude e veracidade dos datos contidos no presente documento e autorizo a súa utilización para a intermediación coas ofertas de traballo. Estes datos non se poderán empregar para fins incompatibles con aqueles para os que foron recollidos. Solicito ao Servizo Público de Emprego a presentación dun resumo do curriculum dos/as candidatos/as axeitados/as ao posto de traballo solicitado.

Sinatura e selo do/da xestor/a da oferta

Sinatura e selo do/da representante legal da empresa

#### **INSTRUCCIÓN XERAIS:**

- Escriba o texto en letras maiúsculas e de imprenta.
- Os espazos sombreados están reservados para a súa cumprimentación á entidade autorizada.
- Na valoración da escala escolla a que máis se axuste ás súas necesidades.
- A calidade e eficiencia do servizo dependen directamente do contido do presente documento.

#### **INSTRUCCIÓN ESPECÍFICAS:**

- Se o enderezo onde se vai realizar a selección e a ubicación dos postos de traballo están sen cumprimentar entenderase que son iguais ao enderezo da empresa.
- No campo "Outro tipo de coñecementos" cubrirase o referido a cursiños, titulacións non homologadas ...

#### **EN CUMPRIMENTO DA LEI ORGÁNICA 15/1999, DE 13 DE DECEMBRO, DE PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL, INFÓRMASE DOS SEGUINTE PUNTOS:**

- Os datos proporcionados no presente documento formarán parte dun ficheiro automatizado, centralizado no Servizo Público de Emprego de Galicia, gozando da protección establecida na devandita lei.
- O Servizo Público de Emprego de Galicia actúa como intermediario entre as empresas que ofrezan traballo e os/as demandantes de emprego, axilizando o proceso de contratación. A tal efecto, remitiranse á súa empresa os /as candidatos/as máis axeitados/as para os postos de traballo ofertados.
- En calquera momento pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, dirixíndose á súa oficina de emprego.
- A identidade e o enderezo do responsable do ficheiro é a seguinte:

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR  
DIRECCIÓN XERAL DE EMPREGO E FORMACIÓN  
SUBDIRECCIÓN XERAL DE EMPREGO  
Edif. Administrativo San Lázaro, s/n, 15781 Santiago de Compostela



**XUNTA DE GALICIA**

**ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN DE SELECCIÓN DUN/UNHA TÉCNICO DA OFICINA DE FOMENTO COOPERATIVO DA MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DA COMARCA DE FERROL.**

Na Casa do Concello de Ferrol, sendo as 8:30 horas do 28 de xullo de 2016 reuniuse a comisión de selección dun/unha técnico da oficina de fomento cooperativo da Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol, composta polos seguintes membros:

- Manuel Naveiro Rodríguez, AEDL do concello de Ferrol.
- Yolanda Martínez García, Xefa do Servizo Sociocomunitario do Concello de Narón
- Xesús Sánchez Cea, Director da Área de Formación e Emprego do Concello de Fene.
- Paula María Vázquez Carrasco, Secretaria Accidental da Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol
- Luis Alcalá Baillie, Xerente da Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol.

Por parte dos membros da comisión procédese a analizar o resultado da preselección realizada polo Servizo Público de Emprego, que foi o seguinte:

<b>Persoas candidatas remitidas polo SEPE</b>	
<b>Apelidos e nome</b>	
CARBALLEIRA VEIGA, RAQUEL	
DE LAS HERAS PORTA, MARIA JOSE	
FERNANDEZ MALDE, MARIA JESUS	
FERNANDEZ SEIJAS, ANA	
REGUEIRO PEREZ, MARIA DOLORES	
RIVERA DOMINGUEZ, ANA BELEN	

<b>Resposta das persoas candidatas ao requirimento realizado pola Mancomunidade ao enderezo electrónico facilitado polo SEPE</b>	
<b>Apelidos e nome</b>	<b>Resposta</b>
CARBALLEIRA VEIGA, RAQUEL	Manifesta por escrito que non cumpre o requisito de formación en cooperativismo e non presenta solicitude de participación no proceso
DE LAS HERAS PORTA, MARIA JOSE	Non presenta solicitude de participación no proceso
FERNANDEZ MALDE, MARIA JESUS	Non presenta solicitude de participación no proceso
FERNANDEZ SEIJAS, ANA	Presenta solicitude de participación no proceso
REGUEIRO PEREZ, MARIA DOLORES	Presenta solicitude de participación no proceso
RIVERA DOMINGUEZ, ANA BELEN	Presenta solicitude de participación no proceso

<b>Cumprimento dos requisitos de titulación determinados pola subvención (art. 36 da Orde de 11/02/2016) e indicados na oferta de emprego presentada ao SEPE</b>	
<b>Apelidos e nome</b>	<b>Titulación acreditada para o cumprimento do requisito</b>
FERNANDEZ SEIJAS, ANA	Diplomatura en Relacións Laborais
REGUEIRO PEREZ, MARIA DOLORES	Diplomatura en Relacións Laborais
RIVERA DOMINGUEZ, ANA BELEN	Diplomatura en Relacións Laborais

Cumprimento do requisito de posuír formación en materia de cooperativismo cunha duración mínima de 60 horas, establecido no art. 35 da Orde de 11/02/2016 e indicado na oferta de emprego presentada ao SEPE	
Apelidos e nome	Formación acreditada (horas)
FERNANDEZ SEIJAS, ANA	0
REGUEIRO PEREZ, MARIA DOLORES	270
RIVERA DOMINGUEZ, ANA BELEN	32

Á vista do anterior, a comisión entende que soamente pode continuar no proceso selectivo María Dolores Regueiro Pérez, por non cumprir o resto das persoas candidatas que presentaron unha solicitude de participación o requisito de posuír as horas mínimas de formación en materia de cooperativismo.

Non obstante, faise pasar á sala de comisións sucesivamente a Ana Fernández Seijas e Ana Belén Rivera Domínguez, a quen se lles explica que debido á premura por completar o proceso foron convocadas á entrevista antes de poder comprobar se cumprían os requisitos, polo que se lles pide disculpas e se lles agradece a asistencia.

A continuación entrevistase a María Dolores Regueiro Pérez, quen demostra os coñecementos e aptitudes necesarios para o posto.

En consecuencia, a comisión de selección propón a contratación de María Dolores Regueiro Pérez como técnica da oficina local de fomento cooperativo da Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol, de acordo coas bases do proceso e a orde de 11 de febreiro de 2016 pola que se regulan as subvencións ao fomento do cooperativismo.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión, sendo as 9 horas e 10 minutos do día arriba indicado, do que, como Secretaria, DOU FE.

O Xerente da Mancomunidade



Asdo.: Luis Alcalá Baillie

A Secretaria Accidental da Mancomunidade



Asdo.: Paula María Vázquez Carrasco





**DECRETO**

Vista a proposta realizada pola Comisión de Selección dun técnico da oficina de fomento cooperativo da Mancomunidad de Concellos da Comarca de Ferrol, RESOLVO

Aprobar a contratación de María Dolores Regueiro Pérez como técnica da oficina de fomento cooperativo da Mancomunidad, de acordo coas bases do proceso e a orde de 11 de febreiro de 2016 pola que se regulan as subvencións ao fomento do cooperativismo, condicionada á aprobación do correspondente expediente de xeración de crédito.

Deste xeito o manda e asina o Presidente da Mancomunidad a 29 de xullo de 2016.

O Presidente da Mancomunidad



Asdo.: Jorge Juan Suárez Fernández

Ante min, a Secretaria Accidental da  
Mancomunidad



Asdo.: Paula María Vázquez Carrasco